This page was exported from - CGT de Galicia
Export date: Wed Dec 2 3:58:12 2020 / +0000 GMT

# Máis de cen mil traballadores en todo o Estado, convocados á folga do Telemárquetin este xoves 26 de xaneiro




**Máis de cen mil traballadores en todo o Estado, convocados á folga do Telemárquetin este xoves 26 de xaneiro**

A Confederación Xeral do Traballo (CXT) informa de que este xoves 26 de xaneiro haberá unha nova folga sectorial do Telemárquetin en todo o Estado.

Tras máis de dous anos de negociación do novo convenio colectivo a patronal do sector segue mantendo a súa proposta de convenio continuista que pretende perpetuar condicións precarias para os teleoperadores.

Debido a esta folga, veranse bloqueados todos os servizos de atención ao cliente do Ibex 35, é dicir, as grandes empresas bancarias, enerxéticas, de telecomunicacións e mesmo administracións públicas de todo o Estado, xa que este sector é crucial para a prestación de servizos de atención á cidadanía e ao consumidor.

Nas principais cidades do Estado haberá actos públicos de protesta, onde se concentrarán os traballadores en folga. En Galicia:

- Na Coruña: concentración fronte á tenda de Movistar, Praza de Pontevedra, ás 12: 00 horas.

- En Vigo: manifestación ás 11:00 horas desde a Praza de España.

- En Lugo: concentración ás 12:00 ante a empresa de telemárquetin Abante.

Sector do Telemárquetin